



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL

"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

*PLAN DE COMUNICACIÓN DO PROGRAMA
OPERATIVO DO FEDER DE GALICIA
2007-2013*



SECRETARÍA DE ESTADO DE
HACIENDA Y PRESUPUESTOS
SECRETARÍA GENERAL DE
PRESUPUESTOS Y GASTOS
DIRECCIÓN GENERAL DE
FONDOS COMUNITARIOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación e Fondos

Índice de contidos

PRESENTACIÓN.....	3
1. SITUACIÓN DE PARTIDA	6
1.1. Plan de accións de información e publicidade do POI de Galicia 2000-2006.....	6
1.2. Execución das accións de información e publicidade do POI de Galicia.....	8
1.3. Avaliación das accións de información e publicidade do POI de Galicia	10
2. OBXECTIVOS	13
3. GRUPOS DESTINATARIOS.....	16
4. ESTRATEXIA.....	17
5. MEDIDAS DE COMUNICACIÓN.....	20
5.1. Medidas de publicidade, dirixidas á cidadanía galega.....	25
5.2. Medidas de información, dirixidas aos órganos xestores, os beneficiarios e os potenciais beneficiarios	30
6. ORZAMENTO INDICATIVO	35
7. ORGANISMOS RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	36
8. SISTEMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....	38
8.1. Seguimento do Plan	38
8.2. Avaliación do Plan	39
9. ANEXO DE INDICADORES.....	40

PRESENTACIÓN

No novo período de programación dos Fondos Estruturais 2007-2013 a normativa comunitaria¹ é máis esixente no que respecta á información e publicidade dos Programas Operativos. As autoridades comunitarias desexan potenciar a visibilidade dos Fondos Estruturais, facer máis transparente a súa xestión e, en especial, concienciar á cidadanía da importante contribución da Unión Europea ao crecemento económico e o benestar social das súas rexións.

Logo da experiencia do período de programación anterior (2000-2006), no que a percepción do público en xeral da actividade desenvolvida pola Unión Europea a través dos Fondos Estruturais se mostrou claramente insuficiente e o descoñecemento da misión e as accións dos Fondos era bastante xeneralizado, a Unión marcouse como obxectivo a máxima difusión posible dos programas operativos entre a cidadanía europea, endurecendo, con este fin, os requisitos de información e publicidade dos proxectos cofinanciados.

Neste sentido, todos os Programas Operativos dos Fondos Estruturais (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional -FEDER- e Fondo Social Europeo -FSE-) do novo período han de ir acompañados dun plan de comunicación, destinado a cubrir os baleiros de información existentes, que determine as responsabilidades e funcións que han de desempeñar os distintos axentes implicados en canto a información e publicidade das intervencións.

As autoridades de xestión dos Fondos Estruturais teñen a obriga de elaborar un plan de comunicación para cada programa operativo (ou un plan conxunto para varios programas dos que sexan responsables), nun prazo máximo de catro meses a partir da aprobación do programa, o contido mínimo do cal está fixado regulamentariamente².

En especial, os regulamentos comunitarios que fixan as normas de aplicación dos Fondos Estruturais no novo período establecen a obrigatoriedade de poñer en marcha determinadas medidas para informar aos beneficiarios e aos potenciais beneficiarios, así como para publicitar a execución e os resultados dos programas entre o público en xeral³, facendo especial énfase en mellorar:

- a) a información aos potenciais beneficiarios, garantindo a transparencia na utilización dos Fondos a través dunha ampla difusión das oportunidades financeiras que ofrecen os programas, unha clara información sobre os métodos e condicións de selección dos beneficiarios, e a publicación anual da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos concedidos a cada operación;

¹ Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e derrógase o Regulamento (CE) N° 1260/1999.

Regulamento (CE) N° 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se derroga o Regulamento (CE) N° 1783/1999.

Regulamento (CE) N° 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, que fixa as normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) N° 1083/2006.

² Art. 2.2 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.

³ Arts. 5, 6, 7, 8 e 9 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.

- b) a comunicación aos beneficiarios das súas obrigas en materia de información e publicidade, velando polo seu axeitado cumprimento;
- c) a publicidade dos programas operativos dirixida á cidadanía de forma xenérica;
- d) e o seguimento e avaliación das actividades de comunicación, que permitan valorar o grao de concienciación e visibilidade dos programas operativos e do papel desempeñado pola Unión Europea.

En España, as autoridades de xestión dos Fondos Estruturais, a Subdirección General del FEDER da Dirección General de Fondos Comunitarios (DGFC) do Ministerio de Economía y Hacienda, para o FEDER, e a Unidade de Xestión da Unidad Administradora del Fondo Social Europeo (UAFSE) do Ministerio de Trabajo e Inmigración, para o FSE, traballaron conxuntamente para garantir o respecto dos plans de comunicación de ambos os dous fondos a todas as esixencias regulamentarias ao respecto, así como a homoxeneidade dos plans de comunicación en ambos os dous fondos e en todos os Programas Operativos de aplicación en España, xa sexa rexionais ou plurirrexionais.

No caso dos Programas Operativos de ámbito rexional, as autoridades de xestión españolas pediron aos organismos intermedios a nivel autonómico que lideren a elaboración, execución, seguimento e avaliación dos plans de comunicación, ofrecéndolles a posibilidade de aglutinar nun único plan as actividades de comunicación dos dous fondos (FEDER e FSE).

A Comunidade Autónoma de Galicia decidiu elaborar un plan de comunicación separado para cada fondo, polo que o Organismo Intermedio responsable a nivel autonómico do Programa Operativo do FEDER, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos, en estreita colaboración coa DGFC, ocupouse de definir o "Plan de Comunicación do Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional de Galicia 2007-2013", que se presenta neste documento.

Trátase, polo tanto, dun plan monofondo, que cumpre as esixencias regulamentarias en materia de información e publicidade recollidas nos Regulamentos (CE) Nº 1083/2006 e 1828/2006 e o disposto ao respecto nas disposicións de aplicación do Programa Operativo ao que se refire.

Atendendo ao contido mínimo que deben incluír os plans de comunicación segundo a normativa comunitaria e ás directrices da DGFC ao respecto, o Plan componse de 8 capítulos, que recollen:

- o a situación de partida en materia de información e publicidade da rexión tras a implementación das accións relativas ao FEDER no anterior período de programación 2000-2006 (capítulo 1);
- o os obxectivos do Plan de comunicación (capítulo 2);
- o os grupos destinatarios das medidas do Plan (capítulo 3);
- o enfoque estratéxico do Plan (capítulo 4);
- o as medidas de comunicación que está previsto desenvolver (capítulo 5);

- o orzamento indicativo para a implementación do Plan (capítulo 6);
- os organismos responsables da súa execución (capítulo 7);
- e o sistema de seguimento e avaliación do Plan (capítulo 8).

1. SITUACIÓN DE PARTIDA

1.1. Plan de accións de información e publicidade do POI de Galicia 2000-2006

O Complemento de Programa do Programa Operativo Integrado⁴ (POI) de Galicia 2000-2006 describía as medidas que se poñerían en marcha para garantir a información e a publicidade das intervencións cofinanciadas, no que se denominou o "Plan de accións de información e publicidade do POI de Galicia 2000-2006".

Este Plan pretendía a consecución dos seguintes obxectivos, que se relacionaban segundo a súa priorización:

- ☐ Garantir a transparencia da execución do Programa.
- ☐ Informar á opinión pública sobre o papel que desempeñaba a Unión Europea a favor das actuacións contempladas no Programa.
- ☐ Proporcionar información sobre o contido do Programa e sobre a contribución dos Fondos Estruturais aos obxectivos definidos neste.
- ☐ Difundir aquela información que posibilitase e inducise a unha correcta utilización das disponibilidades financeiras asignadas.

As medidas previstas no Plan ían dirixidas a distintos grupos de destinatarios, cada un coas súas propias características e intereses e, polo tanto, con diferentes necesidades de información: beneficiarios potenciais e finais; autoridades rexionais e locais e demais autoridades públicas competentes; organizacións profesionais e medios económicos; interlocutores económicos e sociais (sindicatos, asociacións empresariais e organizacións sociais); organizacións non gobernamentais, sobre todo os organismos de promoción da igualdade entre homes e mulleres e os que se ocupan da protección e mellora do medio ambiente; axentes económicos ou promotores de proxectos; medios de comunicación social; e público en xeral.

As accións do Plan organizábanse en dous momentos ou fases distintas: unha primeira, de posta en funcionamento do Programa e as súas medidas, centrada fundamentalmente en dar a coñecer o contido do mesmo e as súas posibilidades de desenvolvemento; a outra, de difusión da súa execución e dos resultados obtidos, logo da realización das avaliacións intermedias e final.

A relación de actividades de comunicación inicialmente previstas no Plan resúmese na Táboa 1.

⁴ Cofinanciado por FEDER, FSE e FEOGA-O.

Táboa 1. Medidas do Plan de accións de información e publicidade do POI de Galicia 2000-2006

FASES	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN
POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA E DAS MEDIDAS QUE CONTEMPLA	Dar a coñecer o contido do POI e as súas posibilidades de desenvolvemento	<ul style="list-style-type: none"> - Presentación, de carácter institucional, do POI de Galicia 2000-2006. - Difusión do POI a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación: creación dunha páxina web e edición do POI en CD-ROM. - Difusión convencional do Marco Comunitario de Apoio e do POI, en publicación, así como a través dos medios de comunicación social (comunicados de prensa, artigos en revistas de grande tiraxe, anuncios,...). - Organización de seminarios, xornadas e conferencias co fin de dar a coñecer o papel dos Fondos Estruturais, os obxectivos específicos de cada un, a participación financeira no POI e a súa contribución aos seus obxectivos prioritarios. - Distribución de publicacións (folletos, notas informativas) sobre determinadas actividades financiadas a través do POI a difusión do cal se considere de especial interese. - Elaboración dun manual práctico de axuda aos beneficiarios finais, con información sobre os procedementos de xestión do POI (certificacións, solicitudes de pagamento, presentación de informes,...). - Publicación de convocatorias de axudas a través dos Diarios Oficiais (Boletín Oficial do Estado, Diario Oficial de Galicia, etc.), a través das delegacións e oficinas de información dos organismos intermedios, mediante anuncios en medios de comunicación social e a través da publicación de folletos, trípticos e outros materiais promocionais.
EXECUCIÓN DO POI E RESULTADOS OBTIDOS	Difundir a execución do POI e os resultados obtidos	<ul style="list-style-type: none"> - Información, a través das páxinas web, sobre o POI, a súa execución, os resultados obtidos e exemplos de proxectos desenvolvidos. - Información aos medios de comunicación, trala celebración dos Comités de Seguimento, sobre o estado de avance do POI. - Publicidade aos resultados da Avaliación Intermedia do POI. - Instalación de vallas informativas ou placas conmemorativas nos proxectos de investimentos en infraestrutura o custo das cales supere os 3 millóns de euros e nos investimentos físicos en empresas, conforme ao disposto nos regulamentos comunitarios. - Notificación, aos beneficiarios de axudas, da participación financeira da UE nestas e da contía ou porcentaxe da axuda achegada polo Fondo. - Elaboración dun vídeo e edición dunha publicación, ao termo do período de execución do POI, que recollan os aspectos máis relevantes producidos no seu desenvolvemento.

Fonte: elaboración propia a partir de Complemento do Programa do POI de Galicia 2000-2006.

As medidas de información xeral sobre o POI ían con cargo á medida de asistencia técnica do propio Programa, mentres que as medidas relacionadas cos distintos proxectos eran financiadas con cargo ás medidas do Programa Operativo en que estes proxectos se atopasen integrados.

A Autoridade de Xestión, o organismo intermedio e todos os beneficiarios finais que participaban no POI, cada un no ámbito das súas respectivas competencias, eran responsables da execución das actuacións de información e publicidade sinaladas: cada organismo executor do Programa era responsable da aplicación e cumprimento da normativa

sobre información e publicidade nas intervencións da súa competencia incluídas no POI; a Autoridade de Xestión era a encargada de velar polo cumprimento da normativa e comunicar á Comisión as persoas designadas para a coordinación das actividades correspondentes a esta materia; e a Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Xunta de Galicia era o organismo encargado da coordinación do Plan.

1.2. Execución das accións de información e publicidade do POI de Galicia

A batería de medidas de comunicación executadas ata o momento no marco do POI revela que, ademais das actividades de información e publicidade inicialmente previstas no Plan, leváronse a cabo outras a realización das cales se decidiu con posterioridade á súa definición. En definitiva, as medidas de información e publicidade do Programa non se cingiron exclusivamente ás anteriormente formuladas, senón que se estenderon a outro tipo de actuacións, a pertinencia das cales se foi detectando durante a execución dos proxectos.

Entre as accións de comunicación do POI, das que se ten constancia a través dos informes anuais de execución, desenvolvidas ao longo do período e vinculadas ás intervencións do FEDER, pódense destacar as seguintes:

- Difusión convencional do POI de Galicia 2000-2006 e do seu Complemento de Programa, coa pretensión de dar a coñecer o seu contido e divulgar as súas características principais.
- Mantemento de información actualizada nas páxinas web da Xunta de Galicia e da DGFC sobre as intervencións financiadas polos Fondos Comunitarios na rexión durante todo o exercicio.
- Comparecencias e información ao Consello Económico e Social de Galicia e ao Parlamento de Galicia sobre o Marco Comunitario de Apoio (MCA) das rexións Obxectivo 1 de España, sobre o POI de Galicia 2000-2006 e sobre as repercusións que podería ter sobre Galicia o futuro da política rexional europea.
- Organización de seminarios e conferencias destinados a dar a coñecer o papel dos Fondos Estruturais, os obxectivos específicos de cada un deles, a participación financeira no POI de Galicia 2000-2006 e a súa contribución aos obxectivos prioritarios definidos neste.
- Realización de actividades formativas entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e diversas Consellerías, para transmitir aos xestores das axudas aspectos específicos dos procedementos de xestión.
- Publicacións de economía rexional na Revista **Galega de Economía**.
- Distribución de publicacións e notas de prensa relacionadas co impacto dos Fondos Estruturais en Galicia, e publicación, en xornais, boletíns oficiais ou a través de emisións radiofónicas, das actuacións realizadas por algúns organismos executores.
- Elaboración, por parte da Consellería de Economía e Facenda, dunha "Guía de publicidade e información dos Fondos Estruturais e de Cohesión", co fin de garantir o efectivo cumprimento do Regulamento (CE) N° 1159/2000 sobre actividades de información e publicidade. Este documento ofrecía un marco orientativo para que as

accións publicitarias das actividades cofinanciadas respondesen aos principios de uniformidade e coherencia. A Consellería de Economía e Facenda realizou un labor de difusión constante desta guía, dirixida a todas as persoas relacionadas coa execución das actividades cofinanciadas.

- ❑ Establecemento dun fluxo permanente de información entre a D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios e as Consellerías xestoras, polo que a primeira transmitía indicacións sobre as características técnicas das medidas de información e publicidade e atendía calquera dúbida ou cuestión que as unidades xestoras puidesen formular en relación a estas.
- ❑ Colocación de paneis nos lugares onde se cofinanciaban proxectos, intentando consolidar o principio de uniformidade e difundindo a idea de que o deseño dos devanditos paneis había de seguir as pautas dos patróns normalizados.
- ❑ Presenza da bandeira europea nos actos e actividades informativas, e inclusión do emblema europeo en todos os documentos relacionados cos proxectos.
- ❑ Impulso da homoxeneización dos carteis de información do financiamento de proxectos pola UE, a raíz da entrada en vigor da nova imaxe corporativa da Xunta de Galicia.
- ❑ Elaboración, por parte da Dirección General de Fondos Comunitarios y Planificación Territorial, a mediados de 2002, dunha páxina web e dun "plan de información e publicidade" dentro dos MCA do Obxectivo 1 e do Obxectivo 2, Cohesión e Iniciativas Comunitarias. Os obxectivos do plan eran aumentar os índices de coñecemento do gran público sobre os Fondos Europeos que englobaba o Marco Comunitario de Apoio 2000-2006 cara a niveis da media europea, e conseguir poñer en marcha nos organismos públicos e privados que tivesen algún tipo de relación cos Fondos, un programa de comunicación interna homologado a nivel nacional.
- ❑ Participación no Grupo de traballo informal de Información sobre Fondos Estruturais (SFIT) constituído pola Unidade de Información da DG Regio, a través do intercambio de prácticas no foro CIRCA e a participación no seminario celebrado en Bruxelas o 10 de novembro de 2003 "Mellorar xuntos: a comunicación sobre os Fondos Estruturais".
- ❑ Participación da Autoridade de Xestión do Programa en actividades de información e publicidade promovidas pola Comisión Europea, como a "Reunión Anual de Redes de Información da Unión Europea", organizada pola Oficina da Comisión Europea en España.
- ❑ Participación no seminario de información para a prensa rexional española "Impacto e futuro da política rexional da Unión Europea en España", que se celebrou en Sevilla os días 25 e 26 de abril de 2002, co obxectivo de reunir a un número significativo de medios de comunicación rexionais de España e informalos das claves fundamentais da aplicación da Política Rexional Comunitaria en España.
- ❑ Posta en marcha, polos órganos xestores e executores, de diversas actuacións de publicidade no marco dos seus proxectos:
 - Redacción, deseño e impresión de folletos, dípticos, trípticos, carteis, material gráfico, paneis divulgativos.. e edición de publicacións en papel ou en formato electrónico (libros, boletíns, CD, DVD, vídeos, presentacións multimedia,...).
 - Publicación de anuncios en medios de comunicación (prensa, radio, televisión...), ben para informar das convocatorias abertas no marco do

POI, ben para publicitar o desenvolvemento das intervencións e os seus resultados.

- o Realización de campañas publicitarias de sensibilización sobre determinados temas relacionados coa temática dos proxectos (promoción da Sociedade da Información en Galicia, concienciación da importancia do patrimonio cultural,...).
- o Difusión das actuacións en execución e dos seus resultados a través das páxinas web das Consellerías da Xunta de Galicia implicadas, con mención expresa ao cofinanciamento comunitario e a inclusión do emblema europeo.

1.3. Avaliación das accións de información e publicidade do POI de Galicia

O Plan de actividades de información e publicidade do POI de Galicia 2000-2006 contemplaba a avaliación das súas accións, a través de:

- a) a presentación ao Comité de Seguimento de información sobre o cumprimento das disposicións en materia de información e publicidade a que obrigaba o Regulamento (CE) Nº 1159/2000 e do disposto no propio Plan;
- b) e a exposición de información referente á calidade e a eficacia das actividades de comunicación emprendidas nos informes anuais de execución do POI, nos que figuraría un apartado que recollese e avaliase as principais actividades relacionadas coa información e publicidade levadas a cabo, tendo en conta tanto a cantidade como a calidade destas, e indicando a porcentaxe de asistencia técnica usada en tales fins.

Ademais, poden atoparse referencias ao seguimento e avaliación das accións de información e publicidade do Programa en:

- a) O informe da Avaliación Intermedia do POI, que valoraba o sistema de información e publicidade do Programa;
- b) e o informe de Actualización da Avaliación Intermedia, que analizaba o cumprimento das recomendacións efectuadas pola Avaliación Intermedia para a mellora da xestión operativa.

Da análise de ambos os dous informes de avaliación despréndese que:

- O sistema de información e publicidade do POI de Galicia valorouse positivamente.

O informe de Avaliación Intermedia do POI outorgaba ao devandito sistema unha valoración "alta", constatando que: coñecíanse e cumprían as esixencias da normativa comunitaria en materia de información e publicidade; estas esixencias trasladábanse ás

unidades executoras; e figuraba explicitamente en todas as ordes de axuda o carácter cofinanciado das actuacións.

- O organismo intermedio e a Autoridade de Xestión do POI traballaron intensamente na mellora das accións de información e publicidade do Programa.

O informe de Actualización da Avaliación Intermedia do POI poñía de manifesto diversos cambios na xestión, de distinta dimensión e natureza, que se levaran a cabo en aras de mellorar a xestión operativa do Programa. Entre eles, atopábase a realización, por parte da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, dunha guía práctica para o cumprimento dos requisitos de información e publicidade da Unión Europea. Esta guía constituíuse como un elemento de grande utilidade, non só para dar a coñecer ao conxunto dos xestores as obrigas neste terreo, senón tamén para subministrar información das posibilidades que ofrecían os Fondos Europeos aos solicitantes, os beneficiarios e o público en xeral; reconecer o papel e o apoio que ofrecían os Fondos Estruturais da UE; e promover a comprensión dos obxectivos e os logros das diferentes medidas avaladas polos Fondos Estruturais.

Non obstante, máis alá destas consideracións efectuadas polos informes de avaliación do Programa, os informes de execución anuais e, en especial, o último dispoñible, relativo ao ano 2006, sinalan os importantes progresos que o período de programación 2000-2006 supuxo en materia de información e publicidade das actuacións cofinanciadas polos Fondos Estruturais en Galicia.

Xunto á tramitación administrativa das axudas, a súa xestión presupostaría ou a adecuación dos soportes informáticos aos requisitos fixados pola normativa comunitaria, neste período as administracións implicadas da xestión do Programa comezaron a outorgar relevancia a outras cuestións relacionadas coas intervencións comunitarias, como a posta en valor do principio de información. Os responsables destas administracións asumiron plenamente as recomendacións da Comisión neste punto e tomaron conciencia de que unha axeitada política de información e comunicación é fundamental no proceso de construción europea.

Unha vez consolidado o proceso de implantación dos Fondos Estruturais e constatada a eficacia na xestión, as administracións intervintes na xestión do Programa pasaron a definir unha estratexia integral de información e a deseñar un plan global de comunicación. As administracións implicadas na xestión do Programa executaron dun modo sistemático o Plan de accións de información e publicidade establecido no POI e difundiron de modo permanente ao longo de todo o período a idea de que, calquera que fose a actividade debía deixarse constancia da participación da Unión Europea no proxecto. Ademais, os xestores asumiron que esta función de información debía seguir uns criterios de uniformidade; instrumentos como paneis de obras, convocatorias de cursos, impresos de solicitudes de axudas, publicacións, e outros, foron estandarizados, para así lograr unha imaxe homoxénea das intervencións.

Así, entre as actuacións de comunicación desenvolvidas pola Autoridade de Xestión e o organismo intermedio rexional, poden atoparse exemplos de boas prácticas, como:

- A publicación, pola Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da citada "Guía de publicidade e información dos Fondos Estruturais e de Cohesión", que se converteu na ferramenta básica utilizada polos xestores nesta materia.
- A elaboración, por parte da Consellería de Innovación e Industria, do documento "Instrucións sobre as obrigas de publicidade debido ao emprego dos Fondos Estruturais da UE", como norma complementaria á orde reguladora das axudas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións 2006.
- A presenza dun representante da Consellería de Economía e Facenda na Comisión de Publicacións da Xunta de Galicia, que actuou como garante do cumprimento do requisito polo que a totalidade das publicacións editadas coa axuda dos Fondos Estruturais debían incluír na súa cuberta unha indicación visible da participación da UE e do fondo cofinanciador.
- Celebración do "I Congreso da Asociación de Novos Empresarios de Galicia", realizado en Vigo en febreiro de 2006 e considerado un acto exemplar polo modo de deixar constancia do fondo estrutural cofinanciador (FEDER).
- Realización dun esforzo especial, sobre todo ao longo de 2006, para normalizar o uso dos instrumentos de comunicación dentro de todos aqueles proxectos cofinanciados que se ven materializados nunha web de internet.
 - A Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información colaborou activamente na execución da idea "Mancomún: Iniciativa galega para o software libre". O deseño da páxina "Mancomún.org" representa un modelo sobre a acertada transposición dos principios de información e publicidade ás ferramentas informáticas dentro da rede.
 - Poderían citarse ademais un bo número de casos exemplarizantes, como o portal de internet de CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia), a web do Servizo Galego de Igualdade, as oficinas virtuais das diferentes consellerías da Xunta de Galicia, etc.

En definitiva, unha vez practicamente finalizado o exercicio de programación 2000-2006, pode concluírse que o labor de información e comunicación desenvolvida ao longo destes anos polas administracións implicadas na xestión do POI contribuíu a aproximar a actividade da UE ao cidadán común, que está comezando a asumir a administración comunitaria como propia.

Aínda que queda moito camiño por percorrer neste sentido, os avances foron notables. Proba diso é a intensidade adquirida, en todos os ámbitos sociais, polos debates articulados en torno á evolución dos Fondos Estruturais e a súa influencia sobre as posibilidades de converxencia de Galicia, así como a evidencia da expectación que existe en Galicia en relación ao futuro da política estrutural durante o período de programación 2007-2013, constatada nas informacións dos medios de comunicación rexionais.

2. OBXECTIVOS

Tendo en conta a crecente preocupación das institucións comunitarias pola insuficiente comprensión da política rexional europea por parte da cidadanía e, en particular, o aínda limitado grao de concienciación da cidadanía galega sobre a relevante influencia dos Fondos Estruturais no desenvolvemento da rexión, o Plan de Comunicación do Programa Operativo do FEDER de Galicia 2007-2013 márcase, como obxectivo central:

- Concienciar á cidadanía galega do que a Unión Europea fai a favor do desenvolvemento rexional de Galicia a través do Programa Operativo do FEDER e da súa contribución financeira comunitaria.

A consecución deste obxectivo implica, por un lado, poñer en marcha accións de comunicación directamente dirixidas á poboación galega e, por outro, implicar a todos os axentes involucrados na implementación do Programa nesta tarefa.

Dende este punto de vista, o obxectivo central do Plan subdivídese en dous obxectivos intermedios:

- Dar a coñecer á cidadanía galega a política rexional europea, os Fondos Estruturais e o Programa Operativo, así como publicitar os seus logros e resultados.
- Poñer a disposición dos distintos axentes participantes na xestión e/ou execución do Programa (órganos xestores, beneficiarios e potenciais beneficiarios) toda a información que precisan para desempeñar axeitadamente as súas funcións e para contribuír a dotar de visibilidade á actuación da Unión Europea.

Así mesmo e co obxecto de mellorar a eficiencia das medidas de información e publicidade do Plan, estes obxectivos particularízanse segundo a fase de implementación do Programa en que se realicen, como segue:

1. Na fase de lanzamento do PO as medidas de comunicación están enfocadas esencialmente a dar a coñecer o PO, como instrumento da política rexional europea, á cidadanía galega. Non obstante, as medidas neste sentido complétanse con outras especificamente dirixidas aos potenciais beneficiarios da axuda do Programa, coa finalidade de informalos amplamente sobre as posibilidades de financiamento que teñen á súa disposición no marco do PO.
2. A fase de execución das intervencións acapara o groso das medidas do Plan, os obxectivos do cal se concretan en:
 - a) comunicar aos órganos xestores as funcións e tarefas que se lles asignan en relación á xestión, o seguimento, o control, a avaliación, a información e a publicidade do PO, así como asesoralos de xeito continuo no seu desenvolvemento;
 - b) garantir que os potenciais beneficiarios reciben información completa e transparente dos mecanismos de acceso ao financiamento (requisitos de acceso, criterios de selección de operacións,...);

- c) transmitir aos beneficiarios as súas obrigas e responsabilidades en materia de xestión, seguimento, avaliación, control, información e publicidade das intervencións da súa competencia, apoiándoos e asistíndoos tecnicamente no seu desempeño ao longo da vida do PO;
 - d) informar aos beneficiarios da súa obrigada aparición na lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados a cada operación, que se publicará anualmente de acordo co art.7.2.d) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006;
 - e) e publicitar os avances e resultados que se vaian obtendo ao longo da execución do PO entre a cidadanía.
3. Finalmente, na fase de difusión dos resultados do PO as medidas de comunicación centrarán a súa atención na cidadanía galega en xeral, á que se transmitirán os principais resultados obtidos coa posta en marcha do PO.

Ilustración 1. Árbore de obxectivos do Plan

OBXECTIVO CENTRAL	
Concienciar á cidadanía galega do que a UE fai a favor do desenvolvemento rexional de Galicia a través do Programa Operativo do FEDER e a súa contribución financeira comunitaria	
OBXECTIVO INTERMEDIO 1 Dar a coñecer á cidadanía galega a política rexional europea, os Fondos Estruturais e o PO, así como publicitar os seus logros e resultados	OBXECTIVO INTERMEDIO 2 Poñer a disposición dos distintos axentes participantes na xestión e/ou execución do PO toda a información que precisan para desempeñar axeitadamente as súas funcións e para contribuír a dotar de visibilidade á actuación da UE
FASE DE LANZAMENTO DO PO	
Público en xeral Dalo a coñecer o PO como instrumento da política rexional europea	Potenciais beneficiarios Informalos amplamente das posibilidades de financiamento que teñen á súa disposición no marco do PO
FASE DE EXECUCIÓN DAS INTERVENCIÓNS	
Público en xeral Publicitar os avances e resultados que se vaian obtendo ao longo da execución do PO	Órganos xestores Comunicarlles as súas funcións e tarefas, así como asesoralos no seu desenvolvemento
	Potenciais beneficiarios Proporcionarlles información completa e transparente sobre os mecanismos de acceso ao financiamento
	Beneficiarios Transmitirlles as súas obrigas e responsabilidades e asesoralos no seu desempeño
	Informalos da súa aparición na lista publicada de acordo co art.7.2.d) do Regulamento de Aplicación
FASE DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS DO PO	
Público en xeral Publicitar os principais resultados obtidos coa posta en marcha do PO	

3. GRUPOS DESTINATARIOS

De acordo cos obxectivos formulados no capítulo anterior, as medidas do Plan terán como destinatarios aos seguintes grupos:

- **Público en xeral:** A cidadanía galega será receptora de todas as medidas de publicidade do Plan, enmarcadas no primeiro obxectivo intermedio deste e destinadas a aumentar o coñecemento do grande público en relación á política rexional europea, os Fondos Estructurais, o FEDER e o Programa Operativo de Galicia.
- **Potenciais beneficiarios:** Os organismos e empresas que, dada a natureza das intervencións incluídas no Programa, sexan susceptibles de optar ao financiamento comunitario e converterse en órganos executores das operacións, serán destinatarios de determinadas accións do Plan. En concreto, serán informados das oportunidades financeiras que a Unión Europea lles ofrece a través do Programa Operativo e dos mecanismos de acceso á axuda comunitaria.
- **Beneficiarios⁵:** O Plan dirixe un conxunto de medidas aos órganos encargados de executar as operacións do Programa, orientadas a transmitir-lles as súas obrigas e asistilos no seu cumprimento.
- **Órganos xestores:** Os departamentos da administración autonómica ou central responsables de xestionar as operacións, independentemente de que as executen directamente ou a través doutro órgano executor de natureza pública ou privada (beneficiario), serán destinatarias dunha parte das medidas do Plan encamiñadas a informalos de forma clara e completa das súas responsabilidades así como de apoialos no seu desempeño.

Cada grupo de destinatarios mencionado está estreitamente asociado a un dos obxectivos intermedios do Plan, tal e como mostra a Ilustración 1.

⁵ O art. 2.4 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 define "beneficiario" como "todo operador, organismo ou empresa de carácter público ou privado, responsable de iniciar ou iniciar e executar as operacións". No ámbito dos réximes de axuda, segundo o devandito artigo, "entenderase por beneficiario toda empresa pública ou privada que leve a cabo un proxecto particular e reciba axuda pública".

4. ESTRATEXIA

Como quedou patente no Capítulo 1, a posta en valor do principio da información na implementación das intervencións do FEDER en Galicia supuxo, no período de programación anterior (2000-2006), un gran desafío, que finalmente se concretou nun dos maiores logros da xestión do Programa Operativo Integrado.

As canles de comunicación establecidas xeraron unha activa transmisión de información entre todos os axentes implicados na xestión do POI e cara á cidadanía galega, que incrementaron a concienciación de todos os axentes rexionais sobre os beneficios que supón para o desenvolvemento económico rexional a execución dos proxectos cofinanciados no marco da política estrutural europea, e a valorización do labor desempeñado pola Unión Europea a favor do desenvolvemento das súas rexións.

Non obstante, os progresos en materia de comunicación do POI centráronse esencialmente na información proporcionada polas administracións implicadas na xestión do Programa aos órganos xestores e beneficiarios. A dirección metodolóxica e as orientacións e instrucións de carácter práctico que a Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios e a DGFC trasladaron a xestores e beneficiarios fixeron posible que, en termos xerais, os distintos axentes implicados na xestión e execución do Programa:

- a) coñecesen e respectasen os requisitos da regulamentación comunitaria en canto a información e publicidade das intervencións;
- b) tivesen constancia e difundisen, en todo momento, a participación da Unión Europea nos seus proxectos e a contribución financeira do FEDER a estes;
- c) e utilizasen criterios estandarizados e uniformes no deseño técnico dos seus instrumentos de información e publicidade.


Menores foron, non obstante, os avances logrados en materia de publicidade das intervencións entre a cidadanía en xeral. Aínda que as accións de comunicación emprendidas lograron informar ao público galego do papel e a influencia dos Fondos no desenvolvemento económico rexional e melloraron a súa percepción sobre o traballo desenvolvido pola Unión Europea a favor de Galicia, a plena concienciación da cidadanía sobre o papel que xoga o FEDER na converxencia económica de Galicia co resto de rexións europeas segue constituíndo un importante desafío.

É por iso que, no novo período de programación 2007-2013, as accións de comunicación vinculadas ao Programa Operativo do FEDER da Comunidade Autónoma de Galicia estarán enfocadas prioritariamente á cidadanía en xeral e destinadas a aumentar a visibilidade do PO, dos seus obxectivos e resultados, e do papel que desempeña a Unión Europea, en partenariado coas administracións nacional e autonómica, no desenvolvemento da rexión.

A estratexia do Plan de Comunicación do PO FEDER de Galicia 2007-2013 centra a súa atención en achegar o Programa Operativo e o papel desenvolvido pola UE e as administracións implicadas á cidadanía galega, aínda que preocupándose simultaneamente por consolidar as canles de información a xestores e beneficiarias, a efectividade dos cales quedou demostrada no período anterior.

Para iso e co obxecto de aumentar a efectividade das accións de comunicación, estas organizaranse en torno a tres momentos temporais -a fase de lanzamento do Programa, logo da súa aprobación; a fase de execución das intervencións; e a fase de difusión dos resultados do Programa, unha vez finalizada a súa implementación - e levaranse a cabo a través de distintos medios, adaptados á finalidade perseguida en cada fase (ver Capítulo 2) e ás características específicas dos grupos destinatarios (ver Capítulo 3).

Ilustración 2. Enfoque metodolóxico do Plan



Esta formulación estratéxica permite, adicionalmente:

- cumprir coas esixencias regulamentarias do novo período en materia de información e publicidade, posto que o deseño das medidas do Plan responde axeitadamente aos imperativos da normativa;
- aumentar a eficiencia da axuda comunitaria, dado que, o Plan prima, por unha parte, as accións de comunicación a efectividade da cal está demostrada (aproveitando as boas prácticas identificadas no período anterior, por exemplo) e, por outro lado, conxuga a utilización de medios de comunicación de grande impacto e custo (campañas en radio, televisión, prensa..) con actuacións máis económicas cun impacto significativo (tales como difusión de notas de prensa, información telemática vía internet versus edición de documentación en papel, etc.);
- contribuír ao fomento da Sociedade da Información en Galicia e promover o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, centrando boa parte da información, tanto ao público en xeral como a beneficiarios, xestores e potenciais

beneficiarios, nas páxinas web da Consellería de Facenda e da DGFC, e xerando practicamente toda a documentación en formato electrónico;

- d) e colaborar co respecto e coidado ao medio ambiente, fundamentalmente a través do aforro no consumo de papel (comunicación telemática con xestores e beneficiarios, documentación en formato electrónico distribuída a través das páxinas web do organismo intermedio e a autoridade de xestión, etc.).

5. MEDIDAS DE COMUNICACIÓN

O Plan de Comunicación do Programa Operativo do FEDER de Galicia 2007-2013 componse de 30 medidas de información e publicidade, dirixidas aos órganos xestores e executores dos Programas, aos potenciais beneficiarios da axuda do Fondo (medidas de información) e á cidadanía galega en xeral (medidas de publicidade).

A execución destas medidas recaerá sobre a Autoridade de Xestión, o organismo intermedio e os órganos xestores e/ou executores das intervencións, segundo a natureza de cada medida, tal e como reflicten a Táboa 2 e a Táboa 3. As devanditas táboas recollen tamén o momento de realización e o medio de comunicación que está prevista empregar para a realización de cada medida.

Cabe sinalar, non obstante, que, ademais destas 30 medidas de comunicación xenéricas do Programa Operativo, executadas fundamentalmente pola Autoridade de Xestión e o seu organismo intermedio, os distintos xestores e beneficiarios das intervencións levarán a cabo outras accións de información e publicidade no marco de proxectos concretos: anuncios en medios de comunicación (televisión, prensa, radio,...); edición e distribución de material divulgativo de diverso tipo (carteis, folletos, vídeos promocionais, paneis informativos,...); colocación de placas identificativas; edición de publicacións (libros, folletos, CD,...); información do proxecto nas súas páxinas web; realización de exposicións, xornadas, conferencias, etc.

Táboa 2. Medidas de publicidade do Plan

MEDIOS UTILIZADOS	GRUPOS DE DESTINATARIOS	MOMENTO DE REALIZACIÓN	MEDIDAS DE PUBLICIDADE	ORGANISMOS EXECUTORES
INTERNET	PÚBLICO EN XERAL	Lanzamento	1.- Creación dun apartado específico relativo aos Fondos Estruturais na páxina web da Consellería de Facenda.	D.X. PF DGFC
		Execución	2.- Actualización de contidos da páxina web da Consellería de Facenda e da Dirección General do Ministerio de Economía y Hacienda.	
				3.- Publicación da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados a cada operación, de conformidade co art.7.2.d) do Regulamento (CE) N° 1828/2006.
ACTOS E PUBLICACIÓNS	PÚBLICO EN XERAL	Lanzamento	4.- Celebración dun acto institucional de presentación do PO, logo da súa aprobación.	DGFC D.X. PF
			5.- Edición e distribución do texto do PO.	DGFC D.X. PF Órganos xestores
		Execución	6.- Celebración dun acto anual de presentación dos avances na execución do PO e os seus resultados.	DGFC D.X. PF
			7.- Izamento da bandeira da Unión Europea durante unha semana a partir do 9 de maio (día de Europa).	
		Finalización	8.- Celebración dun acto de presentación dos resultados do PO.	
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	PÚBLICO EN XERAL	Lanzamento	9.- Realización dunha campaña publicitaria de lanzamento do PO nos medios de comunicación rexionais.	D.X. PF
		Execución	10.- Realización de accións de difusión dos avances e resultados do PO en medios de comunicación.	
				11.- Publicación de artigos relacionados co PO en revistas especializadas.

MEDIOS UTILIZADOS	GRUPOS DE DESTINATARIOS	MOMENTO DE REALIZACIÓN	MEDIDAS DE PUBLICIDADE	ORGANISMOS EXECUTORES
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	PÚBLICO EN XERAL	Execución	12.- Mención ao PO nos instrumentos de comunicación xerais da Autoridade de Xestión, do organismo intermedio e dos órganos xestores.	DGFC D.X.PF Órganos xestores
		Finalización	13.- Realización de accións de difusión dos resultados do PO en medios de comunicación.	D.X. PF
MATERIAIS PROMOCIONAIS	PÚBLICO EN XERAL	Lanzamento	14.- Edición e distribución de material divulgativo sobre o PO e as súas principais características.	DGFC D.X.PF Órganos xestores
		Execución	15.- Edición e distribución de material divulgativo e dunha publicación sobre os avances e resultados do PO	
OUTROS MEDIOS PUBLICITARIOS	PÚBLICO EN XERAL	Execución	16.- Colocación de placas explicativas nos enclaves de determinadas operacións de infraestruturas e construción, conforme ao art.8.2 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.	Beneficiarios
			17.- Colocación de carteis nos enclaves de determinadas operacións de infraestruturas e construción, conforme ao art. 8.3 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.	
			18.- Información a todas as partes que interveñan nas operacións do cofinanciamento do FEDER.	DGFC D.X. PF Órganos xestores Beneficiarios

Táboa 3. Medidas de información do Plan

MEDIOS UTILIZADOS	GRUPOS DE DESTINATARIOS	MOMENTO DE REALIZACIÓN	MEDIDAS DE INFORMACIÓN	ORGANISMOS EXECUTORES
INTERNET	XESTORES E BENEFICIARIOS	Execución	19.- Inclusión na páxina web da Consellería de Facenda de toda a información, documentación e normativa relativa á xestión do PO. Así mesmo na páxina web da Dirección General de Fondos Comunitarios recollerase a información máis relevante no relativo á pr	D.X. PF DGFC
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	POTENCIAIS BENEFICIARIOS	Execución	20. - Realización de anuncios en medios de comunicación sobre as convocatorias abertas no marco do PO.	DGFC D.X. PF Órganos xestores
MATERIAIS PROMOCIONAIS	POTENCIAIS BENEFICIARIOS	Execución	21. - Edición e distribución de material divulgativo sobre as oportunidades de financiamento que ofrece o PO.	D.X.PF Órganos xestores
OUTROS MEDIOS INFORMATIVOS	POTENCIAIS BENEFICIARIOS	Execución	22. - Mención expresa nas convocatorias de información clara e detallada sobre os mecanismos de acceso ao financiamento.	DGFC D.X. PF Órganos xestores
			23. - Mención expresa nas convocatorias das obrigas que levará consigo a aceptación da axuda comunitaria aos beneficiarios.	
	XESTORES E BENEFICIARIOS	Execución	24. - Comunicación escrita aos órganos xestores das obrigas e tarefas que se lle atribúen no marco do PO e posta a disposición destes da documentación e materiais que faciliten o seu labor.	DGFC D.X. PF
			25. - Comunicación oficial, aos beneficiarios, de que a aceptación do financiamento implica a súa aparición na lista publicada conforme ao art.7.2.d) do Regulamento (CE) N° 1828/2006.	DGFC D.X.PF Órganos xestores
			26. - Comunicación oficial, aos beneficiarios, das responsabilidades e tarefas que deben asumir logo da percepción da axuda comunitaria, e posta á súa disposición de documentación e materiais que faciliten o seu labor.	DGFC D.X.PF Órganos xestores
			27. - Elaboración e distribución de guías ou orientacións metodolóxicas para a xestión do PO.	D.X.PF
28. - Impartición de formación sobre os procedementos de xestión do PO.				

MEDIOS UTILIZADOS	GRUPOS DE DESTINATARIOS	MOMENTO DE REALIZACIÓN	MEDIDAS DE INFORMACIÓN	ORGANISMOS EXECUTORES
			29.- Elaboración e distribución aos órganos xestores e aos beneficiarios dunha guía práctica de información e publicidade.	
			30. - Apoio e asesoramento continuo a xestores e beneficiarios nas súas tarefas de xestión.	DGFC D.X. PF Órganos xestores

5.1. Medidas de publicidade, dirixidas á cidadanía galega

As medidas do Plan destinadas ao público galego en xeral (medidas de publicidade) perseguen un dobre obxectivo:

- a) Transmitir á cidadanía galega as principais características do Programa, os aspectos máis relevantes da súa execución e os seus resultados máis destacables. Trátase de facer partícipe á poboación dos avances e logros do Programa que se vaian producindo en cada momento: na fase de lanzamento do PO, ao longo da súa execución e logo da súa finalización.
- b) Garantir que todas as partes intervincentes na execución e desfrute do Fondo estean informadas da súa participación no financiamento das intervencións.

Para alcanzar estes obxectivos, explótaranse as seguintes vías de comunicación:

- Utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio para difundir amplamente o PO entre un variado conxunto de actores (beneficiarios, potenciais beneficiarios, órganos xestores e público en xeral).

Desta forma preténdese dotar dunha conexión á estratexia do Plan coa do propio PO, no que figura, como un dos obxectivos prioritarios do eixe 1 ("Desenvolvemento da economía do coñecemento: I+D+i, Educación, Sociedade da Información e TIC"), a "extensión das novas tecnoloxías da información e a comunicación garantindo a súa penetración no conxunto da sociedade galega".

De xeito especial, o Plan de Comunicación pretende contribuír, na medida das súas posibilidades, a fomentar o acceso dos cidadáns, as empresas e a administración rexional ás novas tecnoloxías, centralizando actividades de información e publicidade do PO nas páxinas web da Consellería de Facenda e da DGFC.

- Celebración de distintos actos de presentación e difusión do PO, e dos seus avances e resultados.
- Edición e distribución de materiais promocionais e publicacións, tanto en papel coma en formato electrónico.
- Sensibilización dos medios de comunicación social sobre o labor que a Unión Europea desempeña a favor do desenvolvemento de Galicia a través do Programa e aproveitamento do gran impacto destes medios sobre a poboación difundir amplamente a execución do Programa Operativo.
- Publicidade ao cofinanciamento do FEDER na situación física dos proxectos e en todos os materiais e documentos que se elaboren en relación con estes.

A continuación expónse o contido específico de cada unha das 18 medidas de publicidade do Plan.

MEDIDA 1.

Creación dun apartado específico relativo aos Fondos Estruturais na páxina web da

Consellería de Facenda

Na páxina web da D.X. de Planificación e Fondos e no Portal da Autoridade de Xestión, é dicir o da Dirección General de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía y Hacienda estarán dispoñibles todos os documentos relativos á planificación económica da Comunidade Autónoma de Galicia, entre os que se atopan os relacionados con programación rexional de FEDER (programas operativos, avaliacións, etc.).

Non obstante, no novo período de programación 2007-2013 o espazo web do Organismo Intermedio rexional dedicado ao Programa Operativo do FEDER será máis ambicioso que no período anterior, incluíndo, ademais de documentación en formato electrónico relacionada co PO (o texto do PO, o texto do Plan de Comunicación, a normativa nacional e comunitaria aplicable, os informes anuais e final de execución, os informes de avaliación do Programa, os informes de avaliación do Plan de Comunicación, etc.):

- información máis sintética sobre o contido do Programa (obxectivos, eixes prioritarios, accións, orzamento,...);
- información periódica sobre os avances na execución do Programa, os resultados que se vaian obtendo, os proxectos máis relevantes e as boas prácticas identificadas;
- noticias relacionadas coa política de cohesión europea, os Fondos Estruturais, o FEDER e o PO;
- enlaces a outras páxinas web comunitarias ou nacionais con información sobre os Fondos e, en particular, sobre o FEDER; etc.

Para iso, na fase de lanzamento do PO, habilitarase un apartado específico relativo aos Fondos Estruturais na páxina web da Dirección Xeral de Planificación e Fondos.

MEDIDA 2.

Actualización de contidos da páxina web da Consellería de Facenda e da Dirección General de Fondos Comunitarios

Os contidos das páxinas web da Dirección Xeral de Planificación e Fondos e da Dirección General de Fondos Comunitarios relacionados co PO serán alimentados de forma periódica ao longo de todo o período de programación, co obxecto de que os seus usuarios conten en todo momento con información actualizada.

MEDIDA 3.

Publicación da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados a cada operación, de conformidade co art. 7.2.d) do Regulamento (CE) N° 1828/2006

A autoridade de xestión do PO publicará en versión electrónica, a través da súa páxina web institucional, un listado cos nomes dos beneficiarios, os nomes das operacións executadas e a contía pública asignada a cada unha delas.

Así mesmo, a páxina web da D.X. de Planificación e Fondos disporá dun enlace ao sitio web da DGFC onde se atope o mencionado listado.

MEDIDA 4.

Celebración dun acto institucional de presentación do PO, logo da súa aprobación

A organización dun acto de presentación do Programa Operativo, unha vez aprobado, constitúe un requisito regulamentario⁶ que atenderán simultaneamente a autoridade de xestión e o organismo intermedio do Programa.

A DGFC realizará un acto de sinatura formal dos Programas Operativos do FEDER para o novo período 2007-2013, que contará coa presenza de altos representantes da Comisión Europea, das Administracións rexionais e da Administración General del Estado.

Así mesmo, a D.X. de Planificación e Fondos celebrará un acto na capital da comunidade para presentar institucionalmente o Programa Operativo FEDER de Galicia aos axentes rexionais.

MEDIDA 5.

Edición e distribución do texto do PO

Co obxecto de difundir o máis amplamente posible o Programa Operativo FEDER 2007-2013 de Galicia e poñelo a disposición de todas as partes interesadas⁷, o seu texto editarase, en papel, en CD e en versión electrónica, e será difundido entre todos os axentes rexionais interesados pola Autoridade de Xestión, o organismo intermedio e os órganos xestores, ben nas súas sedes e nos actos que organicen, ben a través das súas páxinas web.

MEDIDA 6.

Celebración dun acto anual de presentación dos avances na execución do PO e os seus resultados

A normativa comunitaria establece a obrigatoriedade de organizar anualmente un acto de presentación dos logros e resultados acadados coa implementación dos programas operativos⁸, polo que tanto a DGFC como a Dirección Xeral de Planificación e Fondos organizarán un acto deste tipo.

A Autoridade de Xestión organizará unha actividade anual conxunta para todos os Programas Operativos do FEDER de aplicación en España, con participación da Comisión, representantes desta e representantes rexionais, que se levará a cabo en distintos territorios e na que se promocionarán os avances rexistrados nos PO, en particular os do PO FEDER de Galicia, e daranse a coñecer aspectos relevantes de boas prácticas en cada período.

Pola súa parte, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos realizará un acto anual limitado exclusivamente ao Programa Operativo de Galicia, no que se presentarán os avances na execución do Programa, os proxectos máis emblemáticos, os resultados acadados coas intervencións, as boas prácticas identificadas; etc.

⁶ Art. 7.2. a) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

⁷ De conformidade co art. 5.1 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

⁸ Art. 7.2.b) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

MEDIDA 7.

Izamento da bandeira da Unión Europea durante unha semana a partir do 9 de maio (día de Europa)

Tal e como dita o Regulamento de Aplicación dos Fondos Estruturais do novo período⁹, a bandeira da Unión Europea permanecerá izada nos locais da autoridade de xestión e do organismo intermedio durante unha semana a partir do 9 de maio de cada ano, en conmemoración do día de Europa.

MEDIDA 8.

Celebración dun acto de presentación dos resultados do PO

Unha vez concluída a fase de execución das intervencións (ao peche do período de execución 2007-2013), organizarase un acto similar aos celebrados anualmente, no que se fará referencia á execución das intervencións do Programa, os proxectos desenvolvidos de maior interese, as boas prácticas identificadas, os resultados obtidos coa implementación do Programa, as principais conclusións das súas avaliacións, etc.

MEDIDA 9.

Realización dunha campaña publicitaria de lanzamento do PO nos medios de comunicación rexionais

Con motivo da aprobación do Programa Operativo e coa finalidade de dalo a coñecer a todos os axentes rexionais, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos poñerá en marcha unha campaña de publicidade nos medios de comunicación rexionais na que se difundan as súas principais características.

MEDIDA 10.

Realización de accións de difusión dos avances e resultados do Programa en medios de comunicación

Considérase de vital importancia trasladar á cidadanía galega os resultados obtidos como consecuencia da implementación do Programa Operativo, polo que cada ano a Dirección Xeral de Planificación e Fondos transmitirá os aspectos máis destacables da evolución do Programa.

MEDIDA 11.

Publicación de artigos relacionados co PO en revistas especializadas

Ao igual que se facía no período anterior, aproveitaranse revistas especializadas en economía ou desenvolvemento rexional para difundir noticias relacionadas co Programa Operativo, ben referidas á súa planificación e estratexia, á súa execución, ou aos seus resultados.

⁹ Art.7.2.c) do Regulamento (CE) N° 1828/2006.

MEDIDA 12.

Mención ao PO nos instrumentos de comunicación xerais da Autoridade de Xestión, do organismo intermedio e dos órganos xestores

O cofinanciamento comunitario das políticas económicas públicas de Galicia debe poñerse de manifesto, non só nas actuacións de información e publicidade ao amparo do presente Plan, senón tamén nas comunicacións xerais dos órganos implicados na xestión do PO.

Deste xeito, tratarase de mencionar nas publicacións, materiais publicitarios, anuncios en medios, presentacións e actos institucionais, etc., dos devanditos organismos a participación do FEDER nalgunhas das actuacións que xestionan e a súa implicación no desenvolvemento do Programa Operativo.

En todo caso, potenciarase que cando sexa pertinente e haxa unha presenza de representantes de calquera administración nos medios de comunicación se insista na importancia do cofinanciamento dos fondos europeos en complementariedade co esforzo investidor nacional e rexional.

MEDIDA 13.

Realización de accións de difusión dos resultados do PO en medios de comunicación

Dando continuidade ás actividades de difusión periódicas, ao termo da fase de execución do Programa a Dirección Xeral de Planificación e Fondos dará publicidade aos logros acadados coa implementación do Programa.

MEDIDA 14.

Edición e distribución de material divulgativo sobre o PO e as súas principais características

Editárase material divulgativo (folletos, despregables, carteis, audiovisuais e/ou outros materiais de divulgación) sobre o PO, os seus obxectivos e o contido das súas intervencións, como instrumento de difusión das características deste, que poida ser distribuído en: as sedes da Autoridade de Xestión, o organismo intermedio e os órganos xestores; a través das páxinas web da DGFC e a Consellería; nos actos que se organicen vinculados ao Programa Operativo; etc.

MEDIDA 15.

Edición e distribución de material divulgativo e dunha publicación sobre os avances e resultados do PO

Dada a importancia de trasladar á cidadanía os resultados do Programa e dar visibilidade ao labor que a UE desempeña a favor do desenvolvemento económico e social de Galicia, editarase material divulgativo (folletos, despregables, carteis, audiovisuais e/ou outros materiais de divulgación) que resalte estes aspectos.

O devandito material irá dando conta dos logros e resultados que se vaian alcanzando co PO ao longo do período e será distribuído nas sedes dos órganos xestores, o organismo intermedio e a Autoridade de Xestión, a través das páxinas web da DGFC e a Consellería, e nos actos que se organicen vinculados ao Programa Operativo.

Así mesmo e co obxecto de dar a maior difusión posible aos resultados obtidos co Programa, ao termo do período de execución editarase unha publicación, tanto en papel coma en versión electrónica, que recolla os aspectos máis reseñables da execución e avaliación das intervencións desenvolvidas.

MEDIDA 16.

Colocación de placas explicativas nos enclaves de determinadas operacións de infraestruturas e construción, conforme ao art.8.2 do Regulamento (CE) N° 1828/2006

De acordo coa regulamentación comunitaria¹⁰, os beneficiarios colocarán placas explicativas, visibles e de grande tamaño, nun prazo de seis meses a partir da conclusión dunha operación, cando esta cumpra os criterios seguintes:

- a contribución pública total á operación supere os 500.000 €,
- a operación consista na compra dun obxecto físico, no financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construción.

MEDIDA 17.

Colocación de carteis nos enclaves de determinadas operacións de infraestruturas e construción, conforme ao art. 8.3 do Regulamento (CE) N° 1828/2006

Tal e como marca o Regulamento (CE) N° 1828/2006¹¹, os beneficiarios colocarán un cartel no enclave das operacións, durante a execución destas, cando estas cumpran os criterios seguintes:

- a contribución pública total á operación supere os 500.000 €,
- a operación consista no financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construción.

MEDIDA 18.

Información a todas as partes que interveñan nas operacións do cofinanciamento do FEDER

A información a todas as partes implicadas nas operacións da contribución financeira do FEDER é un requisito regulamentario¹², que se garantirá facendo referencia ao Fondo en todos os materiais e documentos que elaboren os organismos implicados na xestión e/ou execución do PO en relación coas intervencións.

5.2. Medidas de información, dirixidas aos órganos xestores, os beneficiarios e os potenciais beneficiarios

As medidas de información do Plan están enfocadas a:

¹⁰ Art. 8.2 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.

¹¹ Art. 8.3 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.

¹² Art. 8.4 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.

- a) Dar a coñecer aos potenciais beneficiarios o PO e chamar a súa atención sobre as posibilidades de financiamento que este pon á súa disposición, fomentando a súa participación na execución das intervencións.
- b) Garantir que todos os axentes que participan na xestión e/ou execución do Programa (beneficiarios e órganos xestores) contan con información completa e transparente para desenvolver correctamente as súas funcións.

Para alcanzar estes obxectivos empregaranse os seguintes medios:

- ☐ Edición e distribución de material divulgativo, en papel e en formato electrónico, sobre as oportunidades de financiamento que brinda o PO.
- ☐ Publicación de anuncios en medios de comunicación rexionais, co obxecto de difundir as convocatorias lanzadas no marco do PO.
- ☐ Utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a xestión do fondo aos órganos xestores e executores dos proxectos.
- ☐ Información útil aos potenciais beneficiarios nas ordes das convocatorias de axudas.
- ☐ Información de utilidade aos xestores e beneficiarios para a xestión e/ou execución das intervencións: comunicacións escritas, guías, formación e asesoramento.

A continuación descríbese cada unha das medidas de información previstas, o desenvolvemento das cales terá lugar, en todos os casos, na fase de execución das intervencións.

MEDIDA 19.

Inclusión na páxina web da Consellería de Facenda e da Dirección General de Fondos Comunitarios de toda a información, documentación e normativa relativa á xestión do PO

Dende as páxinas web da Consellería e da Dirección General de Fondos Comunitarios poderase descargar todo tipo de documentación relacionada co Programa: o propio Programa Operativo; o Plan de Comunicación; a normativa comunitaria, nacional e rexional aplicable; os informes anuais e final de execución; os informes de avaliación do Programa; os informes de avaliación do Plan de Comunicación; etc.

MEDIDA 20.

Realización de anuncios en medios de comunicación sobre as convocatorias abertas no marco do PO

A difusión das oportunidades financeiras que ofrece o PO será a máxima posible, de acordo coa normativa comunitaria¹³, polo que se poñerán anuncios nos principais medios de comunicación rexionais, dando conta das convocatorias abertas no marco do Programa, dos principais requisitos para poder optar ao financiamento e do prazo de presentación de solicitudes.

¹³ Art. 5.1 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.

MEDIDA 21.

Edición e distribución de material divulgativo sobre as oportunidades de financiamento que ofrece o PO

Ademais do material divulgativo editado na Medida 14, a D.X. de Planificación e Fondos e os órganos xestores das intervencións desenvolverán outros materiais do mesmo tipo nos que se resalten as posibilidades de financiamento que ofrece o Programa Operativo aos diversos axentes rexionais (empresas, cámaras de comercio, entidades sen ánimo de lucro,...) e nos diferentes ámbitos de actuación (novas tecnoloxías, I+D, transporte,...).

A distribución deste material, dirixido fundamentalmente aos potenciais beneficiarios, realizarana o organismo intermedio, a autoridade de xestión e os órganos xestores, ben en sede ben telematicamente a través dos seus espazos web.

MEDIDA 22.

Mención expresa nas convocatorias de información clara e detallada sobre os mecanismos de acceso ao financiamento

Como estipula a normativa comunitaria¹⁴, mencionaranse, expresa, clara e detalladamente, en todas as convocatorias que se lancen no marco do Programa:

- as condicións que deben cumprirse para acceder ao financiamento;
- os procedementos de exame das solicitudes e os seus tempos;
- os criterios de selección das operacións;
- e os contactos a nivel nacional, rexional ou local que poidan facilitar información adicional sobre o Programa.

MEDIDA 23.

Mención expresa nas convocatorias das obrigas que levará consigo a aceptación da axuda comunitaria aos beneficiarios

Considérase acertado anticipar aos potenciais beneficiarios, nas ordes de convocatoria, as obrigas de maior calado que deberán asumir se finalmente son seleccionados, en calidade de perceptores de axuda comunitaria. A envergadura das tarefas que deberán realizar en materia de xestión, seguimento, avaliación, control, información e publicidade dos proxectos que executen, aconsella informalos previamente de este particular, posto que podería condicionar, nalgún caso, a decisión de presentar a súa solicitude.

MEDIDA 24.

Comunicación escrita aos órganos xestores das obrigas e tarefas que se lle atribúen no marco

¹⁴ Art. 5.2 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

do PO e posta a disposición destes da documentación e materiais que faciliten o seu labor

A DGFC e a Dirección Xeral de Planificación e Fondos informarán por escrito aos órganos xestores das funcións e tarefas das que deberán encargarse en relación coa xestión, o seguimento, a avaliación, o control, a información e a publicidade das accións do Programa Operativo.

Así mesmo, para facilitar o seu desempeño, poñerán á súa disposición toda a documentación e os materiais que consideren que lles sexan de utilidade (normativa, guías de xestión, manuais de procedementos,...).

MEDIDA 25.

Comunicación oficial, aos beneficiarios, de que a aceptación do financiamento implica a súa aparición na lista publicada conforme ao art.7.2.d) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006

Como dita a normativa comunitaria¹⁵, os potenciais beneficiarios serán informados, nas ordes de convocatoria, da obrigatoriedade de aparecer, se finalmente son seleccionados, na lista publicada pola DGFC cos nomes das operacións, os nomes dos beneficiarios e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación.

MEDIDA 26.

Comunicación oficial, aos beneficiarios, das responsabilidades e tarefas que deben asumir logo da percepción da axuda comunitaria, e posta á súa disposición de documentación e materiais que faciliten o seu labor

Aos beneficiarios finalmente seleccionados comunicáraselles oficialmente e por escrito as funcións e tarefas que deberán asumir como consecuencia da súa condición de beneficiarios de axuda comunitaria, en relación á xestión, o seguimento, a avaliación, o control, a información e a publicidade das accións da súa competencia.

Ademais, a DGFC, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos e todos os órganos xestores das intervencións poñerán a disposición dos beneficiarios toda a documentación e o material que consideren que lles sexa de utilidade para o desempeño destas funcións (normativa, guías de xestión, manuais de procedementos,...) e comunicaranlles calquera cambio que se produza na normativa ou nos procedementos de xestión do PO durante a súa vida.

MEDIDA 27.

Elaboración e distribución de guías ou orientacións metodolóxicas para a xestión do PO

Para facer máis áxil e operativo a xestión, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos elaborará unha guía de xestión do PO, destinada aos órganos xestores e executores deste, na que se lles oriente e proporcionen pautas metodolóxicas para desempeñar correcta e

¹⁵ Art. 6 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

eficientemente as súas funcións (validación de gastos, solicitude de pagamentos, presentación de informes,...).

MEDIDA 28.

Impartición de formación sobre os procedementos de xestión do PO

A posta a disposición dos xestores de guías de xestión que recollan os procedementos de xestión do PO completárase coa impartición de sesións de formación sobre estas, que terán lugar logo da distribución das guías, co obxecto de facilitar a súa comprensión.

MEDIDA 29.

Elaboración e distribución aos órganos xestores e aos beneficiarios dunha guía práctica de información e publicidade

Ao igual que no período anterior e dado que quedou demostrada a súa utilidade e eficacia, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos elaborará e distribuirá entre os órganos executores e xestores unha guía práctica de información e publicidade, que recolla os requisitos normativos que deben cumprir nesta materia e establece as normas técnicas ao respecto.

MEDIDA 30.

Apoio e asesoramento continuo a xestores e beneficiarios nas súas tarefas de xestión

A DGFC e a Dirección Xeral de Planificación e Fondos estarán en todo momento a disposición dos órganos xestores e executores para asesoralos, formalos e apoialos nas súas tarefas de xestión, asistíndoos tecnicamente en todo aquilo que lles xere algún tipo de dificultade.

6. ORZAMENTO INDICATIVO

As medidas incluídas no "Plan de Comunicación do Programa Operativo do FEDER de Galicia 2007-2013", así como as tarefas de seguimento e avaliación do mesmo, serán financiadas con cargo ao eixe de Asistencia técnica do devandito Programa, estimándose un presuposto aproximado para as mesmas do 7% do custo total asignado ao devandito eixe (446.340 €, aproximadamente).

Cabe citar, non obstante, que, ademais das accións de información e publicidade incluídas no eixe de Asistencia técnica, os órganos xestores e executores das intervencións levarán a cabo outras actuacións de comunicación no marco dos seus proxectos específicos, o financiamento dos cales irá con cargo ao eixe do Programa en que os devanditos proxectos se enmarquen.

"O presuposto indicativo que se presenta adecúase totalmente aos obxectivos e os medios propostos no Plan, así como aos resultados esperados da súa posta en práctica. Así mesmo, a hora de elaborar o presuposto das accións de información e publicidade neste Plan de Comunicación, existe unha coherencia global entre o orzamento total do mesmo e a dotación de Asistencia técnica asociada ao Programa Operativo, posto que esta previuse incluíndo o montante destinado á comunicación xunto a outras actuacións ligadas coa avaliación e mesmo co propio seguimento do Programa Operativo e, no seu caso, con gastos das propias Administracións e/ou con outros gastos noutros Eixes".

7. ORGANISMOS RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Son responsables da aplicación do Plan e do cumprimento da normativa comunitaria en materia de información e publicidade, cada un nas intervencións do ámbito das súas competencias:

- A Autoridade de Xestión do FEDER, representada pola Subdirección General de Administración del FEDER da Dirección General de Fondos Comunitarios del Ministerio de Economía y Hacienda.
- Organismo Intermedio rexional do PO FEDER, representado pola Dirección Xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Así como en aquelas medidas que lles competen:

- Aqueles Organismos Intermedios designados pola Dirección General de Fondos Comunitarios que aparecen no Programa Operativo do FEDER de Galicia.
- Aqueles Organismos xestores da Xunta de Galicia que colaboren co Organismo intermedio nos labores de difusión da información e publicidade dirixidas aos beneficiarios potenciais.
- Os beneficiarios

CREACIÓN DE REDES E INTERCAMBIO DE BOAS PRÁCTICAS

Nesta liña impulsado pola Autoridade de Xestión constituíuse o Grupo Español de Responsables en materia de información e publicidade (GERIP), integrado polas persoas responsables nesta materia representantes das autoridades de xestión do FSE e do FEDER e das Comunidades Autónomas. Este grupo incidirá non só na organización e posta en marcha dos distintos Plans de Comunicación, senón tamén en todas as actividades de seguimento e avaliación destes. A constitución deste grupo de responsables en materia de comunicación é o primeiro paso dado polas autoridades de xestión na liña de especial sensibilización destas no establecemento de redes comunitarias que permitan garantir o intercambio de boas prácticas e o intercambio de experiencias en materia de información e publicidade

Por outra banda, tamén a Autoridade de Xestión constituíu un grupo de responsables en materia de información e Publicidade cos responsables nesta materia da autoridade de xestión do FEDER e os responsables dos distintos Organismos da AGE, que servirá de canle para informar e tomar decisións nas materias relacionadas coa información e a publicidade, no ámbito das súas competencias dentro de cada Programa Operativo

Nesta liña de potenciar boas prácticas, farase un esforzo por intentar participar das convocatorias anuais, que a través da iniciativa Regio Star, permitan unha maior difusión daqueles casos de boas prácticas desenvolvidas a través do Programa Operativo para o que se presenta este Plan de Comunicación.

PERSOAS DE CONTACTO RESPONSABLES DA INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- No que respecta á coordinación das accións deste Plan de Comunicación asumirana, en estreita colaboración coa responsable en materia de información e publicidade da autoridade de xestión, D^a Ángeles Gayoso, o representante elixido polo Organismo Intermedio do Programa Operativo do FEDER de Galicia, isto é, pola Dirección Xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia para formar parte do grupo constituído ao efecto coas representantes das autoridades de xestión e os dos organismos intermedios das distintas administracións rexionais, D^a M^a Dolores Linares Cuerpo, polo que estas serán as persoas de contacto responsables do Plan.

Datos da representante da Autoridade de Xestión:

Ángeles Gayoso Rico
Vogal Asesora
Dirección General de Fondos Comunitarios
Ministerio de Economía y Hacienda
Tel.34-91.583. 76. 43
E-mail: agayoso@sgpg.meh.es

Datos do representante do Organismo Intermedio:

M^a Dolores Linares Cuerpo
Subdirectora Xeral de Planificación
Dirección Xeral de Planificación e Fondos
Consellería de Facenda
Xunta de Galicia
Tel. 34-981.545.150
E-mail: dlinares@conselleriadefacenda.es

8. SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

8.1. Seguimento do Plan

O sistema de seguimento das medidas do Plan de Comunicación estará orientado a cumprir co establecido ao respecto no art. 4 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006, polo que o seu principal obxectivo será garantir que se dispón en todo momento da información necesaria para atender os requirimentos da normativa comunitaria.

Neste sentido, o devandito Regulamento estipula a obrigatoriedade de achegar información periódica sobre a aplicación do Plan de Comunicación nas reunións do Comité de Seguimento e nos informes de execución do Programa:

- Comunicación de información ao Comité de Seguimento: O Comité de Seguimento do Programa Operativo do FEDER de Galicia recibirá información anual da Autoridade de Xestión e do Organismo Intermedio sobre:
 - o Plan de Comunicación e os avances na súa aplicación;
 - as medidas do Plan levadas a cabo;
 - os medios de comunicación utilizados;
 - o grao de execución física e financeira do Plan (indicadores de seguimento);
 - e o contido de calquera modificación importante do Plan.

- Inclusión de información nos informes anuais e final de execución do PO: Estes informes conterán un capítulo dedicado a presentar os avances na aplicación do Plan de Comunicación, ofrecendo información cualitativa e cuantitativa sobre:
 - as medidas de información e publicidade levadas a cabo no marco do Plan de Comunicación;
 - os medios de comunicación utilizados;
 - as disposicións relativas á publicación, electrónica ou por outros medios, da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados;
 - grao de execución física e financeira das medidas do Plan (indicadores de seguimento);
 - e o contido de calquera modificación importante do Plan de Comunicación.

8.2. Avaliación do Plan

As avaliacións do Plan de Comunicación terán por obxecto valorar o grao de consecución dos seus obxectivos, isto é, medir a eficacia das medidas de comunicación emprendidas.

Está previsto realizar dous exercicios de avaliación ao longo do período, nos anos 2010 e 2013, que permitan comprobar se a aplicación do Plan logrou aumentar a visibilidade do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, do Programa Operativo e do papel desempeñado pola Unión Europea, así como valorar a calidade das accións desenvolvidas.

Ambas as dúas avaliacións realizaranse no marco das avaliacións xerais do Programa, presentándose como anexos a estas, cando se leve a cabo unha avaliación xeral nos devanditos anos ou como unha avaliación específica. Seguirase a metodoloxía de avaliación que se estableza na guía metodolóxica que a autoridade de xestión elabore para estes efectos, xunto coa relativa á avaliación xeral, e que será obxecto de consenso no marco do grupo de responsables de comunicación.

Os resultados destas avaliacións presentaranse nos seguintes informes relativos ao Programa:

- Informes de Avaliación do Programa Operativo: Os informes de avaliación do Programa Operativo do FEDER de Galicia incluírán, como anexo, o último informe de avaliación do Plan de Comunicación.
- Informes de Execución Anual do Programa Operativo: Os informes de execución anual correspondentes aos anos en que se avalíe o Plan de Comunicación (2010 e 2013) conterán un capítulo que recolla os principais resultados da avaliación do Plan de Comunicación, tal e como establece o art. 4.2 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.

9.- ANEXO DE INDICADORES

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E AEAVALIACIÓN PLAN DE COMUNICACIÓN DE GALICIA (FEDER)

TIPOS DE ACTIVIDADES	INDICADORES DE REALIZACIÓN		INDICADORES DE RESULTADOS	
1. ACTIVIDADES E ACTOS PÚBLICOS	<u>(Nº) EVENTOS REALIZADOS</u>	295	(Nº) ASISTENTES	19.175
2. DIFUSIÓN EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN	<u>(Nº) ACTOS DIFUSIÓN</u>	285		
3. PUBLICACIONES REALIZADAS	<u>(Nº) PUBLICACIONES EXTERNAS</u>	140	(%) PUBLICACIONES DISTRIBUIDAS/EDITADAS	95
			(Nº) PUNTOS DE DISTRIBUCIÓN	144
4. INFORMACIÓN A TRAVÉS PÁXINAS WEB	<u>(Nº) PÁXINAS WEB</u>	2	(Nº) PROMEDIO ANUAL VISITAS	96.000
5. INFORMACIÓN A TRAVÉS DE CALQUERA TIPO DE CARTELEIRA	<u>(Nº) SOPORTES PUBLICITARIOS</u>	595		
6. INSTRUCCIONES EMITIDAS HACIA OS PARTICIPANTES NOS PROGRAMAS OPERATIVOS	<u>(Nº) DOCUMENTACIÓN INTERNA DISTRIBUÍDA</u>	53	(%) ORGANISMOS CUBERTOS	100
7. REDES DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.	<u>(Nº) REDES</u>	2	(Nº) REUNIONES	37
			(Nº) ASISTENTES	91

NOTA METODOLÓXICA SOBRE OS INDICADORES DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

1 Actividades e actos públicos

Recóllense o número de actos de lanzamento do/os Programas Operativos para os que se elabora o Plan de Comunicación, os actos informativos importantes anuais, actos en torno do Día de Europa e calquera outro evento contemplado para desenvolver as medidas do Plan ou transmitir información acerca da política comunitaria en España.

2 Difusión en medios de comunicación

Neste epígrafe recóllense distintos tipos de accións de difusión realizadas nos medios (anuncios en TV, anuncios en prensa, cuñas en radio, "banner" en Internet, notas de prensa en teletipos, ...) utilizados de forma individual ou formando parte dunha campaña publicitaria con motivo de dar a coñecer o Programa Operativo ou algunha das súas actuacións concretas, ou a política rexional europea, entre a cidadanía.

3. Publicacións realizadas

Recóllense calquera tipo de publicacións editadas (en soporte papel ou electrónico: libros, folletos, revistas, CD, DVD, videos...) dirixidos á cidadanía coa finalidade de dar a coñecer o Programa Operativo ou algunha das súas actuacións concretas. Así como aquelas relacionadas coa política rexional europea.

4. Información a través de páxinas web

Contabiliza as principais web utilizadas para a transmisión de información sobre o PO ou algunhas actuacións en concreto, así como a relacionada coa política rexional europea. No caso dos Programas Rexionais contabilízanse só as relativas ás autoridades de xestión e a/ás dos Organismos Intermedios rexionais responsables da xestión dos Fondos nas distintas Administracións rexionais

5. Información a través de calquera tipo de carteleira

Recóllense os distintos soportes (pósteres, carteis, placas, expositores, stands e/ou valla) utilizados con fins publicitarios, coa finalidade de dar a coñecer o Programa Operativo ou algunha das súas actuacións concretas entre a cidadanía.

6. Instrucións emitidas cara aos participantes dos programas operativos

Inclúese toda a documentación distribuída dende as autoridades de xestión e/ou os Organismos intermedios aos Organismos Xestores dos Programas Operativos e/ou potenciais beneficiarios/ beneficiarios dos Fondos Europeos aplicados a través dos distintos Programas Operativos, (guías metodolóxicas, instrucións, informes....).

Trátase de garantir a transparencia das actuacións para conseguir a maior excelencia nas actuacións a cofinanciar a través dos fondos europeos e facilitar o cumprimento da normativa comunitaria

7. Redes de información e publicidade

Recóllense as redes de Comunicación establecidas para poñer en marcha e levar á práctica a estratexia de comunicación plasmada nos distintos Plans de Comunicación

Na liña de especial sensibilización sobre o establecemento de redes comunitarias, que permitan garantir o intercambio de boas prácticas e o intercambio de experiencias en materia de información e publicidade

En todo caso, hai que sinalar que os indicadores propostos se deseñaron respectando o criterio de proporcionalidade e a coherencia co conxunto das actuacións recollidas nos distintos Programas Operativos.

Así mesmo, tratouse de garantir a transparencia nas actuacións, para conseguir as mellores actuacións posibles a cofinanciar a través dos fondos europeos e de concienciar á cidadanía do papel que a Unión Europea xoga no incremento da súa calidade de vida, resaltando o papel que niso poden ter actuacións concretas recollidas nos distintos Programas Operativos. Para iso tívose moi en conta, nos casos que se viu necesario, aquelas actuacións máis novidosas e/ou destacadas no período de programación 2007-2013, como poidan ser as relacionadas coa I+D+i, as relativas ao Jeremi, ao novo Fondo para as Rexións ultraperiféricas....